

LUDIVERÁN ALFOZ

Rapazada nada entre o 2014 e o 2022

DO 29 DE XUÑO
AO 31 DE AGOSTO



Horario de 10 a 13 horas con posibilidade de entrar ás 9 e saír ás 14 horas.

Prazas limitadas.

Inscripcións entre o 5 e o 12 de xuño.

Bases completas na web e na sede electrónica do concello.

Inscripcións na sede electrónica ou na Casa do Concello.



CONCELLO
DE ALFOZ

Coa finalidade de favorecer a conciliación durante o período estival e de fomentar a práctica de actividades deportivas, lúdicas e educativas o Concello de Alfoz organiza Ludiverán Alfoz 2026.

INFORMACIÓN:

DURACIÓN:

Desde o 29 de xuño ata o 31 de agosto 2026 (días laborais)

HORARIO:

De 09:00 h a 14:00 h

LUGAR:

CEIP Castro de Ouro

ORGANIZADO EN 4 QUENDAS QUINCENAIAS

As actividades están orientadas a rapaces e rapazas **nados/as entre o ano 2014 e o 2022.**

- O período de inscrición abrírase o venres 5 de xuño e pecharase o venres 12 de xuño.
- As inscricións entregaranse na Oficina de Rexistro do Concello presencialmente ou presentaranse por Sede Electrónica, quedando constancia da data e hora da mesma e da cal se entregará copia.

Temos que ter en conta 2 posibles escenarios:

1º.-Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas (30 nenos e nenas), entran todos/as segundo a orde de inscrición e non hai listas de agarda.

Se quedan prazas vacantes, o período de inscrición seguirá aberto ata cubrir o total dispoñible, seguindo a mesma orde de entrega.

2º.-Se hai máis solicitudes que prazas establécese un baremo de puntuación para a selección dos/as participantes do xeito máis equitativo posible.

Reservarase o 10% das prazas para nenas e nenos en situación de vulnerabilidade, beneficiarios de programas sociais e familias vítimas de violencia de xénero.

Para o resto establécese a seguinte puntuación:

10 PUNTOS Para favorecer a conciliación

A) Proxenitores en situación de alta na Seguridade social

B) Proxenitores en situación de desemprego matriculados/as en accións formativas para a mellora da empregabilidade

C) Proxenitor/es que sexa/n coidador principal de persoa en situación de dependencia

NO CASO DE MARCAR ESTA CASILLA DEBE XUSTIFICALO DOCUMENTALMENTE,

APORTANDO A DOCUMENTACIÓN QUE CONSTA NAS BASES NO MOMENTO DE

REXISTRAR A INSCRICIÓN. DE NON ENTREGALA, NON SE COMPUTARÁN ESTES PUNTOS.

15 PUNTOSAlumnado do CEIP Castro de Ouro
(tanto do curso 25-26 como matriculados para o 26-27).

15 PUNTOS.....Empadronados/as en Alfoz.

5 PUNTOS.....Se ten algún irmán ou irmá que tamén participe no programa (puntuación total, non por cada irmá ou irmán).

COMPROMETÉNDOSE a achegar a documentación acreditativa dos mesmos se se lle solicita.

Unha vez sumados os puntos de cada solicitante segundo este baremo establecerase a orde de acceso ás actividades. No caso de empate en puntos aplicarase a orde de entrega da inscrición, ao igual que no caso de non ter puntos.

Esta lista será publicada (respectando a LPD) na web municipal e taboleiro de anuncios (Sede Electrónica e físico na Casa de Concello).

Crearase unha lista de agarda, seguindo o procedemento anterior para que no momento en que haxa unha vacante se poida acceder as actividades.

Todos os días pasarase lista e se un/ha inscrito/a falta habitualmente sen xustificar (20% xornadas de cada quenda solicitada) pasará automaticamente á lista de agarda, convocando ao/á seguinte da lista de agarda.

Se un participante desexa deixar de acudir ao programa, deberá ser entregar solicitude de baixa na Oficina de Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica do Concello de Alfoz.

NOME			
APELIDOS			
D.N.I		DATA DE NACEMENTO	
NOME E APELIDOS DO PAI/NAI OUTITOR/A LEGAL			
D.N.I			
ENDEREZO			
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO			
E-MAIL			
PERSOAS AUTORIZADAS PARA RECOLLER AO/Á NENO/A			
NOME E APELIDOS			
D.N.I		TELÉFONO	
NOME E APELIDOS			
D.N.I		TELÉFONO	
PATOLOXÍAS COÑECIDAS (ALERXIAS, ENFERMIDADES CRÓNICAS, ETC.)			
DISCAPACIDADE	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
SINALA CUN X A QUENDA NA QUE QUEIRAS PARTICIPAR (unha, varias ou todas):			

29 XUÑO
15 XULLO

16 XULLO
31 XULLO

4 AGOSTO
17 AGOSTO

18 AGOSTO
31 AGOSTO

HORA DE ENTRADA: 9:00 horas 10:00 horas

HORA DE SAÍDA: 13:00 horas 14:00 horas

PRAZO DE INSCRIPCIÓN ABERTO dende o venres 5 de xuño ata o venres 12 de xuño.

Pode entregarse a solicitude de inscrición despois do xoves 12 de xuño por se quedaran prazas libres.

DECLARACIÓN RESPONSABLE: a persoa solicitante (menor) SABE NADAR, para os efectos da súa participación en actividades acuáticas en Ludiverán.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
AUTORIZA DE FORMA EXPRESA a marchar só/soa á saída de Ludiverán se o/a neno/a (maior de 10 anos) ten autorización para irse só.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
AUTORIZA A UTILIZACIÓN DE DATOS E IMAXE: o responsable do desenvolvemento e da execución destas actividades dispón do meu consentimento expreso, polo que poderá utilizar fotografías tomadas no transcurso da participación do/a meu fillo/ miña filla nestas actividades e facer uso delas nas súas respectivas tarefas de información e difusión.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO

Información sobre Protección de Datos (RGPD 2016/679 e LOPDGD3/2018)

RESPONSABLE: CONCELLO DE ALFOZ

FINALIDADE E LEXITIMACIÓN: Prestación do servizo encomendado, obtendo o consentimento expreso das persoas interesadas a autorización para sacar fotos, vídeos,... que poden ser usados polo Concello na web, RSS.

DESTINATARIOS: Non se cederán datos a terceiros. Unicamente será tratados os datos polo persoal interno e os encargados do tratamento para a prestación dos servizos e/ou por obrigacións legais.

CONSERVACIÓN: Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados.

DEREITOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimento e calquera momento. Para tramitar os seus dereitos e solicitar información deberá acudir a Concello de Alfoz, Lg. Seara, s/n, CP 27773, Alfoz ou acceder os formularios disponibles en <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/info.3>

SINATURA

Alfoz, _____ de _____ de 2026

Esta sinatura supón que coñece e acepta as condicións recollidas nas Bases Ludiverán 2026.



CONCELLO DE ALFOZ